

Apostan pola creación dunha 'Feira Cultural do Miño' para reunir industrias e público de ambas beiras do río

A última mesa de participación para elaborar a 'Estratexia 2030' do territorio transfronteirizo propón potenciar o comercio nos centros das vilas fronte ás grandes superficies das aforas

Crear unha programación cultural propia no territorio transfronteirizo do Miño e poñer en marcha unha feira, un 'Culturgal do Miño', que potencie as industrias e actores culturais de ambas beiras do río e os poña en contacto co público: esas deben ser as apostas no eido cultural dentro da euronrexión. Así o indicaron os participantes na última mesa de traballo organizada dentro do proceso de elaboración da 'Estratexia 2030', un documento-guía que busca desenvolver o territorio transfronteirizo dende múltiples perspectivas.

Estas ideas foron expostas por unha trintena de persoas de asociacións culturais, representantes políticos concellos galegos e cámaras municipais, persoal técnico municipal, comunidades de montes e EURES, na súa participación dentro da mesa sectorial 'Cultura e Comercio Tradicional' que se celebrou a pasada semana na sede da Agrupación Europea de Cooperación Territorial Rio Minho, en Valença.

Neste encontro, cuxo obxectivo era recoller ideas sobre como potenciar a cultura e o comercio na zona transfronteiriza do río, estiveron tamén os relatores Carmen Villarino, profesora de filoloxía galega e portuguesa da Universidade de Santiago de Compostela, e José Alberto Rio Fernandes, presidente da Asociación Portuguesa de Xeógrafos e Catedrático da

Universidade de Porto, que forman parte do equipo científico da Fundación CEER (Centro de Estudos Eurorrexionais) para a elaboración da 'Estratexia de Cooperación do Río Miño Transfronteirizo 2030'.

En xeral, os participantes na mesa coincidiron en que a día de hoxe a comunidade non ten sentimento de pertenza ao territorio transfronteirizo debido a que este se eliminou da historia común xa dende a escola. Púxose de manifesto tamén a existencia de trabas burocráticas para contratacións culturais no país veciño, así como o traballo de voluntariado non remunerado e poucos fondos que desenvolven os colectivos de ambas beiras.



Ante isto, os representantes das asociacións solicitaron a posta en marcha dun circuío cultural da eurorrexión promovido dende as institucións, que sexa integrante coas entidades locais, e que dispoña dunha maior promoción e comunicación.

Por outra parte, as persoas participantes cualificaron de moi interesante a posibilidade de poñer en marcha unha feira ou

evento cultural, un 'Culturgal' propio a nivel eurorrexional, onde de xeito anual se reúnan os diferentes actores das industrias culturais da zona e o público xeral nun modelo similar ao que se celebra anualmente na cidade de Pontevedra, con casetas para os promotores participantes, conferencias, presentacións, mesas redondas ou concertos para dar a coñecer as últimas novidades en música, libros, teatro ou cinema galego e portugués, neste caso.

Museo da rexión

Antes do debate conxunto sobre cultura foi a quenda das exposicións dos expertos. A relatora Carmen Villarino destacou a importancia da cultura como elemento diferenciador dun grupo social e a importancia da identidade cultural. Sinalou que a cultura é unha cuestión transversal, unha ferramenta para a "organización da vida" que aporta un sentimento/orgullo de pertenza a unha única comunidade no territorio. Neste sentido, e dentro do ámbito do territorio transfronteirizo, subliñou que é preciso recuperar e actualizar a historia común e identidade da contorna do Miño.

Para este obxectivo plantexou a posibilidade de crear unha base datos comúns (asociacións, actividades...), mapas de elementos culturais e ferramentas interactivas, así como incluso un posible Museo da rexión ou, de xeito menos ambicioso, exposicións itinerantes con fondos arquivísticos bibliotecarios. Tamén propuxo a denominación de rúas con nomes de persoas galegas ilustres en Portugal e viceversa, aproveitar os instrumentos legais dos que se dispón, e sobre todo, non deixar nunca de lado á poboación local, é quen sustenta a cuestión identitaria.

O comercio, esencia das vilas

Pola súa banda, o relator Rio Fernandes centrou a súa charla na potenciación do comercio tradicional, e subliñou a necesidade de substituír o comercio anónimo das aforas e

centros comerciais polo comercio do centro das vilas, máis próximo á xente e que aporta calidade de vida. O catedrático lembrou que o comercio ten un papel económico fundamental que non pode ser esquecido, así como unha dimensión social e urbana, posto que é indispensable na constitución das vilas e cidades. Destacou o exemplo da peonalización das rúas de Pontevedra, que definiu como un grande éxito aínda que había unha reticencia inicial porque se consideraba que sería un problema que os coches non puideran chegar ao centro das vilas, cuestión esta última que se demostrou totalmente errónea.

Rio apostou pola cooperación entre comerciantes, e por fomentar a proactividade das institucións con respecto ao comercio. Tamén destacou como interesante facer unha carta de ordenamento comercial, organizar “noites brancas” (establecementos abertos pola noite) en toda a rexión ou por municipios, ou identificar establecementos comerciais singulares (antigos, de mobiliario...).

Mesa sectorial sobre mobilidade

Logo da celebración das dúas primeiras mesas sectoriais, este mércores 3 de outubro terá lugar a próxima, que versará sobre ‘Mobilidade, servizos e turismo sustentable’. Desenvolverase na sede da AECT en Valença ás 17 horas (hora galega) e contará coa participación de Valerià Paül Carril, Director da Fundación CEER (Centro de Estudos Eurorrexionais), profesor da Universidade de Compostela, xeógrafo e doutor en Planificación Territorial e Desenvolvemento Rexional; e de Xavier Martínez Cobas, profesor de Economía Financeira e Contabilidade da Universidade de Vigo, que forman parte do equipo científico da Fundación CEER para a elaboración da ‘Estratexia 2030’.

As persoas interesadas en participar nesta mesa sectorial poderán inscribirse a través da páxina web www.smartminho.eu/participa. Así mesmo, aquelas persoas que

non poidan asistir ás mesas sectoriais poderán sumarse igualmente ao proceso de participación cidadá, aportando as súas achegas e suxestións a través da páxina web, no 'Espazo virtual transfronteirizo de participación cidadá' habilitado con esa finalidade e que estará aberto ata finais de outubro.

A Estratexia de Cooperación Intelixente do río Minho Transfronteirizo enmárcase dentro do proxecto Smart Minho a través do Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal 2014-2020 (INTERREG V-A) e está cofinanciado ao 75 %, cun orzamento total de 942.022,47 euros.

Axentes sociais do territorio do Miño ven necesario un convenio transfronteirizo de emerxencias e máis coordinación na loita contra o lume

Éxito de participación cidadá na primeira mesa sectorial celebrada este luns no marco da 'Estratexia de Cooperación 2030'

Axentes sociais do territorio do Miño ven necesario que as administracións galega e portuguesa asinen un convenio transfronteirizo de emerxencias e aumenten a súa coordinación na loita contra o lume. Así o manifestaron representantes de entidades económicas, sociais e culturais, e persoal técnico e político de ambas marxes do río durante a celebración da

primeira mesa sectorial de participación para elaborar a 'Estratexia de Cooperación do Río Miño Transfronteirizo 2030', un documento que servirá de guía para desenvolver o territorio.

A primeira mesa de traballada Estratexia -titulada 'A gobernanza no territorio transfronteirizo'- desenvolveuse este luns no edificio Área Panorámica de Tui e contou con máis participación da prevista pola organización, que definiu a convocatoria como "un éxito". O encontro foi a primeira xuntanza interactiva na que os axentes socioeconómicos da zona puideron expresar as súas inquedanzas e propostas sobre o futuro da contorna do Miño. Sobre a mesa púxose o debate do papel que deben xogar as diferentes administracións e incluso a AECT Rio Minho nos problemas da poboación transfronteiriza.

No caso das emerxencias, os asistentes consideraron prioritario ter unha maior coordinación entre a parte galega e lusa, poñendo como exemplo o caso do paracaidista que tiña que ser rescatado ao ter problemas cando sobrevoaba o territorio transfronteirizo: en terra non saía ningún equipo de rescate de ningunha de ambas marxes porque os mandos consideraban que a emerxencia non entraba dentro das súas competencias nin ámbito de actuación.

Por outra banda, tamén se tratou a importancia de dispor dunha acción coordinada e conxunta no ámbito da loita contra o lume, unha política forestal global que aborde tanto medios e equipamentos de extinción como liñas para a prevención. No debate lembráronse os lumes do pasado ano, cando as lapas sobrepasaron o río Miño dende a parte portuguesa chegando cunha grande virulencia á provincia.

'Know-how' transfronteirizo



A mesa sectorial iniciouse coa presentación realizada pola profesora de Relacións Internacionais e Administración Pública de Universidade do Minho, Sandrina Antunes, quen destacou a importancia de reforzar a Agrupación de Cooperación Territorial Rio Minho (AECT-Rio Minho), a través dunha coordinación eficaz coas entidades públicas e privadas, así como dun proceso participativo continuado coa cidadanía. Así mesmo, insistiu na conveniencia de tirar partido do 'know-how' xa existente en materia de cooperación transfronteiriza e na procura de novas oportunidades de financiamento que permitan que se consolide como unha estrutura xurídica autosostible.

A continuación foi a quenda dos asistentes á mesa, que fixeron fincapé na necesidade da creación dunha cidadanía compartida que se traduza en servizos comúns. Moitas das persoas participantes expuxeron o anhelo de que a AECT actúe como interlocutor entre as autoridades locais e os gobernos estatais e rexionais en materia de cooperación transfronteiriza, así como para representar os intereses do territorio en Bruxelas.

Durante as intervencións participaron tamén representantes da AECT Galiza-Norte de Portugal, resaltando a importancia dunha

colaboración fluída entre ambas AECT para unir esforzos e identificar obxectivos comúns. Pola súa banda, representantes asociativos manifestaron tamén o seu interese en incrementar a colaboración coa AECT Rio Minho con outros colectivos da zona para potenciar a cooperación.

A seguinte mesa sectorial, sobre 'Cultura e comercio tradicional', terá lugar este xoves 27 de setembro ás 17 horas (hora galega) na sede da AECT en Valença. Contará coa participación de Carmen Villarino, profesora de filoloxía galega e portuguesa da Universidade de Santiago de Compostela, e de José Alberto Rio Fernandes, presidente da Asociación Portuguesa de Xeógrafos e Catedrático da Universidade de Porto, que forman parte do equipo científico da Fundación CEER (Centro de Estudos Eurorrexionais) para a elaboración da 'Estratexia 2030'.

As persoas interesadas en participar nestameza sectorial poderán inscribirse a través da páxina web www.smartminho.eu/participa. Así mesmo, aquelas persoas que non poidan asistir ás mesas sectoriais poderán sumarse igualmente ao proceso de participación cidadá, aportando as súas achegas e suxestións a través da páxina web, no 'Espazo virtual transfronteirizo de participación cidadá' habilitado con esa finalidade e que estará aberto ata finais de outubro.

A Estratexia de Cooperación Intelixente do río Minho Transfronteirizo enmárcase dentro do proxecto SmartMinho a través do Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal 2014-2020 (INTERREG V-A) e está cofinanciado ao 75 %, cun orzamento total de 942.022,47 euros.

Primeira xornada de participación pública para elaborar a ‘Estratexia 2030’ coa que desenvolver o territorio do Miño

A AECT fai un chamamento aos axentes económicos e sociais da zona para que asistan este luns á mesa sectorial sobre ‘Gobernanza no territorio transfronteirizo’

A nova fase de participación para elaborar a ‘Estratexia de Cooperación do Río Miño Transfronteirizo 2030’ arranca este luns 24 de setembro en Tui coa celebración da primeira mesa sectorial titulada “A gobernanza no territorio transfronteirizo”. Trátase do primeiro encontro interactivo coa poboación para elaborar de maneira consensuada un documento guía sobre como desenvolver as potencialidades do territorio: a intención é acadar unha boa participación dos axentes socioeconómicos da zona para que expresen as súas propostas, inquedanzas e visión sobre cal debe ser o futuro do territorio do Miño.

A mesa sectorial terá lugar no edificio Área Panorámica ás cinco da tarde e nela tomarán parte a profesora de Relacións internacionais e Administración Pública de Universidade do Minho, Sandrina Antunes, e o profesor de Economía Financieira e Contabilidade da Universidade de Vigo, Xavier Martínez Cobas, que forman parte do equipo científico da Fundación CEER (Centro de Estudos Eurorrexionais) para a elaboración da ‘Estratexia 2030’.

As persoas interesadas en participar na mesa sectorial poderán inscribirse a través da páxina web

www.smartminho.eu/participa. Así mesmo, aquelas persoas que non poidan asistir ás mesas sectoriais poderán sumarse igualmente ao proceso de participación cidadá, aportando as súas achegas e suxestións a través da páxina web, no 'Espazo virtual transfronteirizo de participación cidadá' habilitado con esa finalidade e que estará aberto ata finais de outubro.

As seguintes mesas sectoriais que se celebrarán abordarán a 'Cultura e comercio tradicional', o 27 de setembro en Valença; 'Mobilidade, os servizos e os turismo sustentable', o 3 de outubro tamén en Valença; e 'Sectores produtivos', o 8 de outubro en Tui . Todas elas serán ás cinco da tarde (hora galega).

Detrás da Estratexia de Cooperación Intelixente do Río Miño Transfronteirizo, coñecida como 'Estratexia 2030', está un programa de actuación conxunta dos actores públicos e privados do territorio do río Miño na área do norte de Portugal e sur da provincia de Pontevedra. Este traballo de análise profunda do espazo transfronteirizo ten como horizonte futuro o novo marco financeiro europeo 2023-2027 e rematará a finais de ano coa celebración do II Fórum do Río Miño Transfronteirizo.

'A Estratexia 2030' pretende desenvolver un plan de acción e implementar un proceso capaz de involucrar aos actores públicos e privados (axentes económicos e sociais presentes no territorio) co fin de ser un documento-guía da orientación das políticas públicas de desenvolvemento da área transfronteiriza do río Miño, orientado e integrado nunha perspectiva de valoración e uso económico e sustentable dos recursos do río internacional.

A encargada de impulsar a Estratexia é Agrupación de Cooperación Territorial Río Miño (AECT-Río Miño), constituída pola Deputación de Pontevedra no territorio do Miño pontevedrés, e pola Comunidade Intermunicipal do Alto Minho portugués (CIM Alto Minho).

A Estratexia de Cooperación Intelixente do río Minho Transfronteirizo enmárcase dentro do proxecto Smart Minho a través do Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal 2014-2020 (INTERREG V-A) e está cofinanciado ao 75 %, cun orzamento total de 942.022,47 euros.

O AECT Rio Minho constitui a súa assembleia geral e começa a traballar no seu plano de actividades para o 2018

O Agrupamento Europeu de Cooperación Territorial (AECT) Rio Minho constituiu hoje a sua assembleia geral, num ato celebrado na sede do agrupamento em Valença e presidido pela presidenta da Deputación de Pontevedra, Carmela Silva, o presidente da Comunidade Intermunicipal do Alto Minho, José Maria Costa, e o novo diretor do agrupamento, o deputado de Cooperación Transfronteiriza da Deputación de Pontevedra, Uxío Benítez.

O ato começou com a tomada de posse das pessoas integrantes da mesa, composta por vinte presidentas e presidentes de câmaras municipais de Galiza e Portugal. Em representação do território galego foram designados como delegados as e os autarcas dos municípios de Arbo, As Neves, Salvaterra de Miño, Tui, Salceda de Caselas, Tomiño, O Rosal, A Guarda, Ponteareas e O Porriño. Quanto ao território português tomaram posse os dez municípios que fazem parte da CIM Alto Minho: Arcos de Valdevez, Monção, Melgaço, Valença, Vila Nova de Cerveira, Paredes de Coura, Ponte de Lima, Ponte da Barca e Viana do

Castelo.

Como presidente da mesa da assembleia foi elegido o presidente da Câmara de Viana do Castelo e da CIM Alto Minho, José Maria Costa, e por outra parte Marcos Besada, presidente da Câmara de Salceda de Caselas, foi designado secretário. Ambos exercerão o cargo durante os próximos dois anos.



A presidenta da Deputación de Pontevedra, Carmela Silva, destacou na constituição da assembleia do AECT Rio Minho que “o mundo e os territórios podem mudar apenas com pessoas que têm a força e a convicção de acreditar que se pode fazer. Este AECT nasce porque há muitas alcaidesas e alcaides, muitas presidentas e presidentes de câmaras municipais, que acreditam nas potencialidades do seu território, que sabem quais são as suas necessidades e estão dispostas e dispostos a construí-lo”.

Neste contexto, Silva mostrou a sua satisfação porque as

pessoas integrantes do agrupamento “vimos do mundo local e sabemos que neste mundo global o local tem um papel fundamental para o desenvolvimento do território, mas também dos direitos que a cidadania deve ter e os serviços que são precisos para darem resposta às suas demandas”. Para conseguir estes objetivos, a presidenta da Deputación destacou a necessidade de que o local ocupe um espaço maior e tenha um papel na gestão e na definição dos fundos europeus. “Até agora as decisões estão muito centralizadas nos estados, e o local tem um papel muito pequeno, porém somos nós quem damos resposta às políticas de proximidade e de desenvolvimento do futuro”, afirmou a presidenta da instituição provincial.

Sobre o AECT Carmela Silva destacou o importante papel que desempenha para “conseguir que se escute o mundo local tanto em Portugal como em Espanha e para promover de forma inteligente o território”. Neste âmbito, a presidenta da Deputación avançou que neste mesmo mês de junho a Federação Espanhola de Municípios e Províncias (FEMP) vai organizar em Pontevedra uma reunião do Norte de Portugal e Galiza para reflexionar sobre os novos desafios do mundo local e a necessidade dum protagonismo maior para o municipalismo.

Plano de atividades para o ano 2018

O diretor do AECT Rio Minho e deputado de Cooperação Transfronteiriça da Deputación de Pontevedra, Uxío Benítez, explicou que a constituição da assembleia do agrupamento foi “o último passo na formalização do esquema do AECT, e que desde este momento começa o trabalho de desenvolvimento do plano de atividades para o 2018”.

Uxío Benítez indicou que “este vai ser um ano de transição dalgumas das responsabilidades de gestão e seguimento de projetos e dossiês assumidos pela já desaparecida Uniminho”. Igualmente, o deputado provincial avançou que “entre as

atuações mais relevantes que vai enfrentar a AECT nos próximos meses estará a consolidação institucional do agrupamento na região, a promoção da coordenação dos projetos transfronteiriços Smart Minho e Visit Rio Minho ou a promoção e a participação em novas candidaturas com financiamento europeu”.

O AECT Rio Minho nasce com o objetivo de contribuir para o desenvolvimento e reforçar a coesão económica e social do seu território. Tem como atribuições articular o espaço comum, promover as relações de cooperação territorial, aumentar a coesão institucional do território de ambas as margens do rio Minho, promover o seu património cultural e natural, valorizar as potencialidades dos recursos endógenos e consolidar uma marca turística comum para os dois países.

Os dois parceiros principais do AECT são a Deputación de Pontevedra e a CIM Alto Minho, que reúnem 16 municípios de Pontevedra (A Guarda, O Rosal, Oia, Tomiño, Tui, O Porriño, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Ponteareas, As Neves, Mondariz, Mondariz-Balneario, Arbo, Crecente, A Cañiza e Covelo) e outros dez do norte de Portugal, o que abrange mais de três mil quilómetros quadrados de território e 375.995 habitantes.

A criação do AECT Rio Minho foi impulsada pelas ações da Estratégia de Cooperação Inteligente Transfronteiriça do projeto Smart Minho, que conta com um orçamento de 942.022,47 euros, co-financiado a 75 % pelo programa INTERREG V-A POCTEP, fundos FEDER da União Europeia.



Uxío Benítez, elixido director da nova Agrupación Europea de Cooperación Territorial Río Minho

[🔊 Pulsa para escoitar](#)



A Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT) Rio Minho vén de iniciar a constitución formal dos seus órganos co nomeamento do seu primeiro director: o deputado de Cooperación Transfronteiriza, Uxío Benítez. O mandato do nacionalista á fronte da nova entidade de cooperación durará dous anos e no 2020 pasará ao rexedor da Cámara Municipal de Vila Nova de Cerveira, Fernando Nogueira.

Uxío Benítez subliñou que “o reto durante estes dous anos de

mandato será consolidar a AECT nun instrumento de política transfronteiriza no territorio do Miño”. Así mesmo, asegurou que a entidade “estará ao servizo da cidadanía e de todos os concellos e cámaras municipais que a conforman”. O responsable provincial quixo lembrar unha vez máis a relevancia do nacemento desta nova entidade e da “importancia desta área de actuación”, encadrada no medio do eixo Vigo-Porto (con 3,5 millóns de habitantes) e na que se desenvolven practicamente a metade dos fluxos de vehículos lixeiros entre España e Portugal.

Segundo establecen os estatutos da nova AECT, a dirección terá sempre carácter rotatorio bianual e alternarase entre os dous socios que a conforman: a Deputación de Pontevedra e a CIM Alto Minho. Deste xeito, durante os dous primeiros anos o cargo de vicedirector recaerá nun representante portugués e despois pasará a un representante da Deputación de Pontevedra. Ademais da dirección, o novo organismo tamén conta xa cun Consello de Coordinación composto pola deputada Monste Magallanes e o presidente da Cámara Municipal dos Arcos de Valdevez, ambos en calidade de vogais da institución.

A constitución da Asamblea Xeral, en maio

Segundo adiantou o deputado de Cooperación Transfronteiriza Uxío Benítez, o seguinte paso dentro do proceso de formalización da AECT será a constitución da Asemblea Xeral, prevista para o vindeiro mes de maio, e na que previsiblemente estarán representadas as cámaras municipais e concellos do territorio do Miño.

A AECT Río Minho é un novo instrumento estable de desenvolvemento con personalidade xurídica propia que ten por obxectivo a defensa da xestión compartida dos servizos entre todos os actores existentes en torno ao río Miño. Así mesmo, a entidade ten capacidade para optar a fondos europeos e xestionalos, así como promover e organizar accións de cooperación no territorio de forma directa.

Os dous socios principais da AECT son a Deputación de Pontevedra e a CIM Alto Minho, que aglutinan 16 concellos pontevedreses (A Guarda, O Rosal, Oia, Tomiño, Tui, O Porriño, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Ponteareas, As Neves, Mondariz, Mondariz-Balneario, Arbo, Crecente, A Cañiza e Covelo) e outros dez do norte de Portugal, abrangendo máis de tres mil quilómetros cadrados de territorio e 375.995 habitantes.

O impulso para a creación da AECT Rio Minho encádrase dentro das accións de Estratexia de Cooperación Intelixente Transfronteiriza do proxecto Smart Minho liderado pola Deputación de Pontevedra, que acadou un investimento de 942.022,47 euros, dos que o 75% están cofinanciados polo programa INTERREG VA POCTEP dentro dos fondos FEDER da Unión Europea.



O Miño, unha fronteira que une

[Pulsa para escoitar](#)

O Miño é unha fronteira natural que, lonxe de separar, une. A fronteira máis poboada entre España e Portugal, con preto de 376.000 habitantes, serve de nexo de unión para unha rexión de gran valor turístico, patrimonial e ambiental e cun valor cultural e lingüístico común.

Día histórico para os concellos transfronteirizos de Pontevedra e do norte de Portugal co nacemento da nova AECT Río Minho

[Pulsa para escoitar](#)

O territorio transfronteirizo formado polos 16 concellos do sur de Pontevedra e 10 cámaras do norte de Portugal dispón desde este sábado 24 de febreiro dunha nova ferramenta xurídica para optar e xestionar fondos europeos: a Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT) Río Minho. A presidenta da Deputación de Pontevedra Carmela Silva e o presidente da CIM Alto Minho José María Costa asinaron ante notario o convenio de colaboración e os estatutos da nova entidade pública nun acto no que estiveron presentes o

secretario xeral de Coordinación Territorial do Ministerio de Presidencia do Goberno do Estado, Juan Ignacio Romero; o director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea da Xunta de Galicia, Jesús Gamallo; a vicepresidenta da CCDR-N Ester Gomes e o deputado de Cooperación Transfronteiriza da Deputación, Uxío Benítez, como impulsor da nova agrupación.

Todos os presentes na cerimonia pública de constitución da AECT coincidiron en sinalar que era un día “histórico” para o territorio da fronteira do Miño, xa que a agrupación permitirá desenvolver socioeconomicamente a zona e mellorar as condicións de vida da súa cidadanía. A presidenta Carmela Silva salientou que a creación da nova agrupación de cooperación europea é un instrumento para “dar resposta aos retos do século XXI que obrigan a rachar coas fronteiras e a unir persoas e os seus intereses políticos, sociais, económicos e de desenvolvemento”. Silva destacou que o espazo que abrangue a AECT é “extraordinario” e que agora toca convertelo “nun espazo do que a xente estea orgullosa facendo que sexa un espazo de referencia”.



Día histórico para os concellos transfronteirizos de Pontevedra e do norte de Portugal co nacemento da nova AECT Rio Minho

Pola súa parte, o deputado de Cooperación Transfronteiriza Uxío Benítez insistiu en que foi un día especial “para os que levamos o río Miño no corazón, porque ten que volver a ser o centro do que nos une”. Destacou que o territorio da fronteira “ten que acreditar en si mesmo porque é o centro dunha área cunha forte dinamización económica”, lembrando que está no medio do eixo Vigo-Porto (con 3,5 millóns de habitantes) e reúne o 47 % dos fluxos de vehículos lixeiros entre España e Portugal.

O impulsor da AECT destacou que 350 anos despois do tratado de Lisboa (de 1668) que finalizou coa guerra entre España e Portugal marcando a paz e as fronteiras “nace un instrumento para derrubalas, un instrumento xurídico estable que impulsará o desenvolvemento do territorio e estará ao servizo da cooperación urbana, dará poder de decisión aos territorios e

permitirá acceso aos fondos europeos”, indicou, lembrando que en breve se abrirá unha nova convocatoria do POCTEP.

Por último, Benítez quixo lembrar que un dos obxectivos principais da AECT será crear unha marca transfronteiriza para o río Miño que sexa máis competitiva e teña recoñecemento internacional. “Nun mundo global non podemos xestionar o turismo dende un só concello”, afirmou.

Apoio da Xunta de Galicia

Pola súa banda, o director xeral de Relacións Exteriores, Jesús Gamallo, quixo transmitir ás persoas asistentes ao acto de constitución da AECT “o compromiso da Xunta e do presidente Feijóo” e o seu agradecemento pola constitución da nova agrupación, “xa que para nós é moi importante aumentar as estruturas que fagan na práctica a cooperación transfronteiriza”.

Gamallo salientou que a Xunta ten “un plan” de cooperación baseado en tres eixos. O primeiro, as infraestruturas, apostando polo corredor Atlántico e o tren Vigo-Porto, do que dixo, “agardamos que en 2019 poidamos unir ambas cidades en hora e media” para estruturar o territorio e potenciar os usos turísticos. O director xeral tamén destacou “a aposta pola innovación e o traballo pola demografía e o envellecemento activo co apoio dos fondos europeos”.

Finalmente, o secretario xeral de Coordinación Territorial do Ministerio de Presidencia, Juan Ignacio Romero, lembrou que o seu departamento foi o que autorizou a nova AECT e destacou o seu agradecemento por poder coñecer de primeira man desde o “Goberno de España” o traballo de cooperación que existe no territorio do Miño. “A nova AECT é un reto, posto que está nun ámbito territorial que, cos meus anos de experiencia en cooperación, nunca tiña visto tanto polo volume de poboación como pola transcendencia do territorio. Todos debemos traballar nesta mesma liña de cooperación, e por iso os meus

mellores desexos aos fundadores”, finalizou.

Pola parte portuguesa, salientaron tamén os beneficios futuros da AECT o presidente da CIM Alto Minho, o presidente de Uniminho, e a vicepresidenta da CCDR-N, Ester Gomes, quen ao igual que Carmela Silva se parabenizou por que fose unha muller, tamén, a que pechase as intervencións dun día histórico para o territorio do Miño.

Asemblea e nomeamento de presidente

Unha vez que este sábado se asinou oficialmente o nacemento da Agrupación Europea do territorio do Miño coa sinatura do convenio e os seus estatutos polos seus dous principais socios (Deputación de Pontevedra e CIM Alto Minho) reunírase a asemblea xeral da AECT o próximo mes para elixir presidente.

Cando xa se coñeza o nome do máximo dirixente concretaranse as vindeiras accións e proxectos, así como o traballo a realizar para acadar novos fondos europeos, xa que a vindeira convocatoria do POCTEP está próxima.

Hai que lembrar que os dous socios principais da AECT son a Deputación de Pontevedra e a CIM Alto Minho, entes baixo os que se reúnen 16 concellos pontevedreses (A Guarda, O Rosal, Oia, Tomiño, Tui, O Porriño, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Ponteareas, As Neves, Mondariz, Mondariz Balneario, Arbo, Crecente, A Cañiza e Covelo) e outros dez do norte de Portugal.

Para ver máis fotos [premer aquí](#).

A nova agrupación de cooperación transfronteiriza 'Río Miño' recibe a súa autorización definitiva

☐ Pulsa para escoitar



A nova **Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT) Río Miño**, que reúne á Deputación de Pontevedra e aos 16 concellos do Baixo Miño e Condado-Paradanta xunto coa CIM Alto Miño e dez câmaras do Norte de Portugal, acaba de **obter a autorización que faltaba para o seu nacemento oficial**. Este novo organismo servirá de ferramenta para a cohesión económica, social e territorial do contorno do Río Miño e, de xeito particular, para solicitar fondos europeos para proxectos conxuntos.

O deputado Uxío Benítez, impulsor da nova asociación, explicou que a CIM Alto Miño acaba de recibir o visto bo do Secretario

de Estado do Desenvolvemento e Coesão da República Portuguesa para participar no proxecto, o que dá vía libre á súa constitución formal, xa que a autorización do Ministerio de Presidencia e para as Admistracións Territoriais pola parte española chegou á Deputación o pasado ano. A futuro, o paso que resta para **formalizar a AECT de xeito definitiva será inminente, xa que no vindeiro mes de febreiro se celebrará a sinatura do acordo** entre Deputación e CIM Alto Minho (os dous socios principais) e asinaranse os estatutos ante notario.

Segundo explicou Benítez, a aprobación da AECT por parte de Portugal supón un paso adiante agardado dende hai meses. Subliñou a súa satisfacción e asegurou que existe un interese real para poñer en marcha de xeito inmediato o novo organismo de cooperación galego-portugués logo de ter feito durante os últimos anos “un traballo de consenso que frutificará na AECT e que permitirá dinamizar todo o territorio do Miño e ‘borrar’ a fronteira”.

Os concellos de Pontevedra están a apostar dende hai tempo por aproveitar sinerxias comúns co Norte de Portugal, e a nova AECT Río Miño permitirá traballar de xeito conxunto con máis facilidade: será unha entidade con personalidade xurídica que permitirá optar e xestionar fondos europeos de xeito máis áxil que ata o de agora, promover e organizar accións de cooperación do territorio de forma directa, así como servir de foro estable sobre o río Miño, no que a día de hoxe están implicadas moitas administracións.

A nova AECT estará **formada por unha asemblea e un órgano executivo**. A **dirección** será un organismo **unipersoal** que ocuparán representantes de Pontevedra e Portugal **rotatorio cada dous anos, ao igual que ocorrerá coa vicedirección**. Tamén haberá un **Consello Coordinador**, formado por membros das dúas partes, que será o encargado da asesorar á dirección e da xestión do día a día. Finalmente, haberá un **Consello Consultivo** aberto no que se organizarán foros específicos nos que poderán participar expertos en diferentes materias segundo

as necesidades, así como outros representantes do veciños e veciñas da zona.

Os dous socios principais da AECT serán a Deputación de Pontevedra e a CIM Alto Minho, entes baixo os que se reúnen 16 concellos pontevedreses (A Guarda, O Rosal, Oia, Tomiño, Tui, O Porriño, Salceda de Caselas, Salvaterra, Ponteareas, As Neves, Mondariz, Mondariz Balneario, Arbo, Crecente, A Cañiza e Covelo) e outros dez do Norte de Portugal. En total abránguense 3.312 quilómetros cadrados de territorio e 375.995 habitantes.

O grupo de traballo da AECT reúnese para supervisar a marcha de todos os proxectos do Miño transfronteirizo

[🔊 Pulsa para escoitar](#)

O grupo de traballo da Agrupación de Cooperación Territorial do Río Miño (AECT) reuniuse este mércores



na sede da CIM Alto Minho e futura sede da AECT en Valença para supervisar os proxectos que se están levando a cabo ao acubillo do Miño transfronteirizo e ter unha visión global da situación na que se atopan cada un destes proxectos, tanto o Smart Minho como o Visit Miño, ambos os dous promovidos pola Deputación de Pontevedra en colaboración coa Comunidade Intermunicipal do Alto Minho.

Nesta reunión de traballo estiveron presentes o secretario executivo intermunicipal da CIM Alto Minho, Júlio Pereira; o responsable de Cooperación Transfronteiriza da Deputación de Pontevedra, Uxío Benítez; os presidentes das cámaras municipais de Vila Nova de Cerveira e Melgaço, Fernando Nogueira e Manoel Batista Calçada, respectivamente; así como técnicos e asesores de ambos os dous organismos promotores dos proxectos.

Durante a reunión, Xabier Martínez Cobas, membro do equipo científico que elabora a axenda estratéxica, explicou a todos os presentes como está a desenvolverse a posta en marcha da Estratexia de Cooperación Intelixente do Río Minho Transfronteirizo.

Ademais de valorar a posta en marcha da estratexia e falar de prazos, durante a xuntanza este grupo de traballo estableceu principios de abril para o lanzamento do I Foro Transfronteirizo e falaron da segunda convocatoria INTERREG VA, que estará aberta a finais de febreiro.

Máis fotos [premando aquí](#).

Pistoletazo de saída para executar os proxectos financiados con fondos europeos no territorio do Miño

☐ Pulsa para escoitar



Os proxectos **Smart Miño**, que pretende crear un instrumento de cooperación estable para os concellos da fronteira da provincia de Pontevedra e o norte de Portugal, e Visit Río Miño para potenciar o turismo no territorio transfronteirizo do Miño, veñen de recibir o seu **“pistoletazo de saída”**. A Deputación de Pontevedra xa aceptou oficialmente en pleno a subvención de tres millóns de euros para as dúas iniciativas, que están cofinanciadas polos fondos europeos do FEDER (ao 75%) dentro da primeira convocatoria de axudas do Programa de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal (POCTEP) 2014-2020 INTERREG VA.

Este avance, que dará paso ao traballo de campo e á realización de actuacións concretas, foi anunciado nun acto celebrado en Tui coa participación da Deputación de Pontevedra, da CIM Alto Minho, representantes do CETMAR e dos concellos e das cámaras beneficiarios, entre outras autoridades.

O proxecto **Smart Minho** é unha proposta inmaterial que ten un orzamento total de 942.022,47 euros, o 75% procedente de fondos FEDER, e pretende unha cooperación intelixente entre ambas as dúas partes do Miño. Ao abeiro desta iniciativa deberase propoñer unha estratexia de actuación para o territorio que rodea o río, crear a nova Agrupación Europea de Cooperación Transfronteiriza (AECT) como ferramenta xurídica institucional para actuar, e demostrar a viabilidade do traballo en conxunto entre concellos pontevedreses e cámaras portuguesas a través de actuacións concretas de xeito ‘piloto’ no ámbito da cultura e da mobilidade, con proxectos sobre o patrimonio inmaterial en colaboración de Ponte nas Ondas, festivais de música transfronteirizos, foros culturais e a posta en funcionamento da liña compartida de transporte público entre o eixo Vigo-Tui-Valença, entre outros.

As institucións españolas e lusas coincidiron en esixir que os fondos europeos do POCTEP se destinen realmente ás zonas de fronteira e que é fundamental que na próxima estratexia do

fondos europeos estea contemplado o desenvolvemento de territorios e poboacións de menos de 20.000 habitantes, sobre todo no territorio do Miño.